



**Centro Galego
de Tecnificación
Deportiva**

**Éxito do balonmán
galego no campionato
de España disputado
en Vigo**

**Máis de 17 millóns
de euros para o
deporte galego
no ano 2008**

Actuacións
**Copa de Europa
de Triatlón**

Programas
**Baloncesto en centros
de menores**
Deporte na Escola

Deportistas
**Deportistas galegos
no 2007**




Seleccións Galegas

Programas



4
Baloncesto
en centros
de menores



5
Deporte
na Escola

Deportistas galegos

6
No 2007,
os mellores
resultados



Actividade estrela



8
Seleccións
galegas



9
Debut da
selección galega
de fútbol sala

Axenda



A SELECCIÓN GALEGA DE FÚTBOL SALA DEBUTARÁ O DÍA 29 DE FEBREIRO NA MALATA CONTRA URUGUAI

Unha nova selección galega comezará a dar os seus primeiros pasos, tras o debut das de fútbol, baloncesto, balonmán, triatlón... Correspóndelle agora ao fútbol sala, que conta con grandes clubs, tanto de base como de elite, espectaculares resultados e unha afección con ganas de ver o noso equipo na cancha. A primeira oportunidade terana o día 29 de febreiro na Malata (21:00 horas), fronte a Uruguai, que foi o primeiro equipo ao que se enfrontou a selección galega de fútbol.

Axudas

10

Axudas da Dirección Xeral para o Deporte e da Fundación Deporte Galego



Actuacións

12

Copa de Europa de Triatlón



CGTD

14

Centro Galego de Tecnificación Deportiva



Federacións

16

Iniciadas as negociacións dos convenios



Eventos



18

Gran espectáculo no Campionato de España de Balonmán



19

Presentación do *Karpin Galicia*

NOVO COMPROMISO DA SELECCIÓN GALEGA FEMININA DE BALONMÁN. Tras o seu debut o ano pasado contra Túnez, Galicia xogará nesta oportunidade contra Catalunya na Coruña, o próximo día 20 de marzo.

A VILAGARCÍA BASKET CUP, NOVAMENTE A ESCENA. A "Basket Cup" volverá ser un dos reclamos da Semana Santa en Vilagarcía de Arousa, xa que unha vez máis os mellores equipos sub 20 de baloncesto intentarán levar ás súas vitrinas o prezado trofeo. O torneo terá lugar entre os días 19 e 22 de marzo no recinto feiral de Fexdega.

PONTEVEDRA ACOLLERÁ UNHA PROBA DA COPA DE EUROPA DE TRIATLÓN. O día 19 de abril a cidade de Pontevedra acollerá os mellores triatletas de Europa, entre os que non pode faltar o galego *Javi Gómez Noya*, actual campión da Copa do Mundo. As augas do Lérez, o centro histórico de Pontevedra e o Centro de Tecnificación Deportiva de Pontevedra serán os grandes protagonistas.



Ánxela Bugallo, conselleira de Cultura e Deporte

Un espazo de información e reflexión

Deporte Galego, a revista que hoxe vos presentamos, nace co obxectivo de servir ás persoas e colectivos implicados no ámbito do deporte. Trátase por unha banda de comunicar as distintas iniciativas e actuacións da Dirección Xeral para o Deporte e a Fundación Deporte Galego, facilitando así a xestión e o acceso á información das distintas entidades. E por outra banda a revista debe ser un espazo de información e reflexión arredor do deporte.

Trátase, polo tanto, dun espazo útil para a cidadanía, no que se atenderá a oferta deportiva de Galicia nun sentido amplo: subvencións e axudas, características das distintas instalacións deportivas, eventos, información relevante dos e das nosas deportistas, entre outras cuestións de interese.

Ademais queremos que *Deporte Galego* sexa unha publicación ao servizo de todos aqueles que cada día traballades para o deporte desde moi distintos ámbitos, polo que poñemos as súas páxinas á vosa disposición para trasladarlle á cidadanía os vosos proxectos, experiencias ou reflexións, que sen dúbida enriquecerán o traballo de todos. Porque o deporte galego construímoslo entre todos, a administración, as federacións, os clubs, deportistas, directivos/as, e moitas outras persoas que achegades o voso traballo desinteresado.

Estou segura de que esta publicación que hoxe nace servirá para afondar na importancia social do deporte, que ademais de ter unha importante dimensión competitiva, actúa como elemento de integración, de formación e de base para gozar dunha vida saudábel.

Este primeiro número sae hoxe á rúa e esperamos que sexa unha referencia para quen hoxe conformades o deporte galego.

Editorial



Edita: XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral para o Deporte

Redacción: Mila Alonso e David Moldes
Diseño: G.T.I.

Imprenta: C/A Gráfica
Depósito legal: VG 257-2008



O noso baloncesto integral

Deporte en centros de menores



Dúas veces á semana, nos centros de menores da cidade de Ourense, practícase o baloncesto. Afastado neste caso do sentido puro de competición, o deporte establécese como unha porta aberta de cara á integración e a fomentar valores como a solidariedade e o traballo en equipo.

Catro son os centros de menores implicados no proxecto "O Noso Baloncesto Integral", unha iniciativa piloto que ten como obxectivo principal e esencial contribuír a un mellor desenvolvemento integral dos e das menores que residen neles. Os centros dependentes da Xunta de Galicia, que desenvolven este proxecto son: o centro de atención específica Montefiz, o centro educativo A Carballeira, o centro educativo Montealegre e o centro educativo Monteledo.

O proxecto NBI, levado a cabo pola Federación Galega de Baloncesto, a Consellería de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral para o Deporte, a Vicepresidencia de Igualdade e de Benestar e pola Fundación Sociocultural do Baloncesto, comezou en outubro de 2007 e se estenderá ata o mes de xuño.

Os inicios

Durante estes catro primeiros meses de andaina da iniciativa as impresións sobre o seu avance non poden ser máis gratas. Dúas veces por semana e en sesións de hora e media, practícase o bote, pase, tiro e realízase un partido para finalizar cada adestramento. Conforme avanza os días os progresos técnicos son evidentes e a actitude amosada polos rapaces participantes é moi satisfactoria.

A colaboración de cada centro implicado é exemplar e incluso a poboación ourensá e os xogadores dos seus clubs achegaron o seu esforzo ao proxecto. Así, aproveitando a época do Nadal, o NBI celebrou o seu I Torneo de Nadal o día 22 de decembro. Na modalidade de 3x3, a meta principal foi a de xogar todos contra todos, na busca da integración.

Grazas ao "O Noso Baloncesto Integral" o deporte, máis ca nunca, transfórmase en instrumento para inculcar aos menores valores de solidariedade, igualdade entre xéneros, responsabilidade, autocontrol e valoración do traballo. Ademais, axuda a fomentar o desenvolvemento de todos pero respectando as capacidades de cada un.



Sobresaínte para o Deporte na Escola

Deporte multidisciplinar

É un proxecto audaz, novidoso, diferente, atractivo para os e as máis pequenos/as e capaz de conseguir que os nenos e as nenas poidan gozar facendo deporte, sen preocuparse de se conseguiron gañar ou non.

Ese é un dos obxectivos do programa *Deporte na Escola*, posto en marcha polas consellerías de Cultura e Deporte e Educación e Ordenación Universitaria, que presenta aos nenos e nenas de primaria e secundaria un proxecto multidisciplinar, con varias modalidades deportivas e a disputa dun xogo cultural, que fai as ledicias dos participantes.

Despois da boa resposta dos centros escolares no primeiro curso de implantación (2006/07), no presente curso escolar, os colexios apostaron de forma decidida por esta fórmula, que considera o deporte como unha parte máis da formación integral dos nenos e as nenas.



Así, no presente curso son 185 os centros nos que se desenvolverá o programa e 357 os equipos participantes, fronte aos 95 centros e os 200 equipos do curso anterior.

Neste curso a gran novidade é a ampliación do programa a 3º e 4º da ESO, xa que o obxectivo é cubrir toda este abano de idades, e este esforzo por parte da administración vese reflectido no número de centros que están a participar nas actividades organizadas no seo deste proxecto. Ademais, no último trimestre do curso, porase en marcha o xogo pre-deportivo, no primeiro ciclo de primaria, de forma que quedará totalmente atendido o ensino de primaria e secundaria.

Actividades de bacharelato

Outra das propostas deste ano, son as actividades de natureza para alumnado de bacharelato, que neste curso intentan chegar ao maior número posíbel de alumnos e alumnas cunha oferta moi completa de surf, sendeirismo, piragüismo, rafting, vela, mergullo, escalada, BTT, tiro con arco... Estas actividades desenvolveranse dende o 1 de marzo ata o 7 de xullo e están a disposición das e dos interesados máis de 1.000 prazas para probar algúns deportes que non todos os mozos e mozas practicaron nalgunha ocasión. Sen dúbida, esta é unha boa oportunidade para dar o paso e lanzarse á aventura.

Información na páxina web www.deporteescolargalego.org



Deportistas galegos 2007

Os resultados do ano



Javier Gómez Noya.

O ano 2007 está cheo de momentos excepcionais para o deporte galego. Javier Gómez Noya, David Cal, Fernando Echavarrri e Antón Paz, Sandra de la Fuente, os irmáns Jimenez.... son algúns dos nomes que chegaron á casa con títulos de campións do mundo, unha recompensa ao traballo e esforzo realizado ao longo da tempada. E non son ós únicos, porque foi un ano repleto de grandes momentos, sobre todo no ámbito individual.

- **Javier Gómez Noya.** Foi elixido "Premio Nacional do Deporte Galego 2006/07", grazas a unha tempada repleta de éxitos. Por segundo ano consecutivo logrou proclamarse campión da Copa do Mundo de Triatlón, campión de Europa, subcampión do mundo.... Foi unha tempada case perfecta, que se completou coa clasificación para os Xogos Olímpicos, que serán para Javier os primeiros da súa prometedora carreira deportiva.

- **David Cal.** O padexeiro de Cangas volveu a asombrar a todos nesta tempada. Comezou en Verducido, onde tivo lugar o Campionato de Europa de Piragüismo en Augas Tranquilas, onde acadou dúas medallas de bronce, a pesar de que insistiu en que o seu obxectivo era o Campionato do Mundo, onde se xogaba a clasificación para os Xogos de Beijing. E alí, en Duisburgo (Alemaña), non defraudou e acadou dúas medallas -ouro en C-500 e bronce en 1.000 metros- e coa praza para as Olimpíadas baixo o brazo, nas que serán os seus segundos xogos olímpicos e dos que quere volver con medallas novamente.

- **Fernando Echavarrri e Antón Paz.** Son outros dos deportistas galegos que nos teñen moi mal acostumbrados cos seus resultados. No 2005 acadaron o título de campións do mundo na clase tornado e foron elixidos como os mellores regatistas do mundo en todas as clases. No 2007, repetiron título e cumpriron o obxectivo deste ano, a clasificación para Beijing, o cal lles permite traballar con moita máis tranquilidade para prepararse nestes meses de cara aos Xogos Olímpicos sen a presión de ter que clasificarse nunha proba.

- **Sandra de la Fuente.** Foi a gran sorpresa do ano, xa que trouxo para Galicia o primeiro campionato do mundo na modalidade deportiva da pesca. Sen dúbida, un mérito increíble para esta coruñesa que non o tivo fácil en ningún momento dende que está practicando este deporte. Foi difícil conseguir esa praza para disputar o Mundial en Brasil, pero alí o seu triunfo foi indiscutíbel.

- **Rafael e Andrés Jiménez.** Son moi novos, pero xa se están acostumando a gañar. Neste ano de éxitos para o deporte galego eles conseguiron o título de campións de España e do mundo na categoría xuvenil da clase vaurien (é o segundo que teñen nas súas vitrinas) e xa soñan cuns Xogos Olímpicos, pero os de Beijing chéganlles demasiado pronto. Quizá nos seguintes.

Eles foron os campións do mundo, pero tampouco podemos esquecer a tempada de **Ezequiel Mosquera** (co *Karpin Galicia*), o Campionato de Europa de Voleibol de **Quique de la Fuente**, dos éxitos de **Chano Rodríguez** e **Pablo Cimadevila** (tamén xa clasificados para as Paralimpiadas), ou da árbitra de hockey patíns, **Teresa Martínez Cancelo**, que este ano se converteu na primeira muller galega e española que arbitra nun mundial. Outro éxito máis nesa loita por acadar a igualdade de oportunidades para homes e mulleres.



Sandra de la Fuente.

Ademais, os éxitos do **taekwondo** galego en todas as súas facetas foron soados. Na tempada 2006/07, os e as deportistas galegos/as acadaron 95 medallas nos campionatos de España e 65 nos torneos internacionais. Nesta modalidade deportiva destaca de forma moi especial **Andrea Rica**, que acadou medallas de bronce no Campionato de Europa, na Copa de Europa e no Campionato do Mundo Absoluto.

O **triatlón** galego foi outro dos triunfadores da tempada, con espectaculares resultados en todas as diferentes categorías. Nesta tempada, deportistas galegos/as acadaron 45 medallas en total entre os campionatos de España e as competicións internacionais, ademais dos éxitos da selección galega e dos clubs (con varios campionatos e medallas de prata e bronce en diferentes campionatos).

O atletismo galego tivo unha tempada brillante ao acadar 157 medallas nos campionatos de España das cales 8 foron conseguidas no Campionato de España Absoluto. Ademais Galicia conseguiu 6 medallas e unha plusmarca mundial no Campionato do Mundo de Veteráns.

E non son as únicas modalidades deportivas que acadaron grandes éxitos para o deporte galego: en loita, ciclismo, atletismo, ximnasia acrobática.... Os e as deportistas galegos avanza con paso firme e volven dos seus campionatos con medallas e logros nas mans.



Fernando Echavarrri.



Teresa Martínez Cancelo.



David Cal.

Premios Nacionais do Deporte Galego 2006/07

Javier Gómez Noya recibiu o "Premio Nacional do Deporte Galego tempada 2006/07", no transcurso da gala de entrega ás e aos mellores deportistas galegos/as, que tivo lugar no teatro Rosalía, na Coruña, o día 30 de novembro do 2007. Foi un acto sinxelo, divertido e emotivo, por momentos, no que os deportistas, os clubs e as federacións foron os grandes protagonistas.



PREMIADOS

Premio ao mellor deportista
Javier Gómez Noya

Premio á mellor deportista con discapacidade
Susana Rodríguez Gacio

Premio ao mellor equipo
Club Piragüismo As Torres de Catoira
Romaría Vikinga

Premio á mellor xuíza
Mª Teresa Martínez Cancelo

Premio ao mellor adestrador de base
Arturo Abreuñedo Fernández

Premio ao mellor adestrador
Jesús Morlán Fariña

Premio ao mellor labor informativo
Departamento de Deportes da
Televisión de Galicia

Premio á mellor iniciativa en deporte escolar
Iván Castro Seoane e Rubén Pintos
Figueroa

Premio á mellor iniciativa deportiva en deporte de base
Óscar Carballo Iglesias

Premio á revelación
Miguel Rodríguez Galbán

Premio á mellor iniciativa en deporte tradicional
Liga Galega de Billarda

Premio á traxectoria
Michel Salgado Fernández

Mención especial do xurado escolar
Óscar Pereiro Sío

Mención especial do xurado
Nicolás Bayón Meleiro

PREMIO NACIONAL DO DEPORTE GALEGO 2006/07
Javier Gómez Noya



As xogadoras galegas tras a consecución do seu gol.

Seleccións galegas

O deporte galego une

“O público encheu as bancadas de Balaídos”



Alguns compoñentes das seleccións de balonmán festexando.



Partido da selección cadete masculina de balonmán.

Amais dun xeito de expresión e dunha filosofía de vida, o deporte é tamén unha parte fundamental da nosa cultura e un eido que cómpre dotar dunha identidade propia. Cando falamos de deporte galego sentimos que nel estamos representados todos e todas nós. Dende a Dirección Xeral para o Deporte queremos reforzar ese sentimento de unión a través do deporte para espallalo por toda a sociedade e contribuír a darnos unha maior identidade como país e como potencia deportiva.

Esa é a razón de ser das nosas seleccións galegas: cando xoga Galicia xogan tamén as emocións de milleiros de homes e mulleres, e por iso dende a chegada ao goberno galego, a conselleira de Cultura e Deporte, Ánxela Bugallo, comezou a traballar na posta en marcha da selección galega de fútbol, unha reivindicación moi antiga, pero non recollida en tempos anteriores.

E o tempo veu demostrar que esa reivindicación existía e que os galegos e as galegas querían verse representados/as no céspede, no parque dun pavillón, nas estradas, nas augas... A estrea da selección galega de fútbol o día 29 de decembro do 2005 deixouno moi claro, xa que San Lázaro se quedou moi pequeno para acoller aos milleiros de persoas que acudiron a esta cita histórica, e o mesmo sucedeu nos anos posteriores, nos encontros da Coruña (2006) e de Vigo (2007). Este último partido foi a mostra máis evidente deste sentimento, xa que non só acudiron máis de 24.000 persoas que ateigaron Balaídos (esgotáronse as entradas), senón que aguantaron durante máis dunha hora, dunha forma absolutamente cívica, deportiva e festiva, a chegada do equipo camerunés. Ninguén puido estragar a festa do fútbol galego.

Baloncesto. Pero o proxecto das seleccións vai moito máis alá do fútbol e da selección senior. Xa no 2006, debutou a selección galega de baloncesto contra Xapón e nesta ocasión houbo selección masculina e feminina. O equipo masculino debutou en Lugo o 28 de xuño, mentres que o feminino xogou en Vigo ao día seguinte. Houbo momento para o recordo, xa que antes dos partidos seniors, saíron á cancha de xogo os veteranos con nomes tan salientábeis como Fernando Romy, Manel Sánchez, Ricardo Aldrei. Tampouco faltaron a esta cita xogadoras dos grandes mo-

mentos do baloncesto feminino en Galicia como Ángeles Araújo, Liboreiro ou Belisa González. O proxecto continúa e no 2006, o equipo feminino xogou contra Cuba en Vilagarcía e o masculino en Ourense.

Balonmán. Tamén o balonmán foi protagonista e mesmo deu un paso máis adiante ao contar coas categorías inferiores, que xogaron no Porriño fronte a Portugal. Posteriormente, correspondeulle a quenda ao equipo masculino que arrollou a Túnez no Pavillón Municipal dos Deportes de Pontevedra (45-32) e ao día seguinte o conxunto feminino, dirixido por Irene Vilaboa, superou a Túnez (26-25), no Porriño, un dos berces do balonmán feminino galego.

Pero se estas foron as seleccións postas en marcha pola Dirección Xeral para o Deporte coas respectivas federacións, igual de importante foi o traballo desenvolvido polas federacións que xa tiñan creadas as súas seleccións e que estaban competindo con elas no eido internacional. Desta forma, a selección galega de taekwondo leva dende os anos 90 competindo internacionalmente, aínda que nos últimos anos a súa participación é maior en número e máis significativa a súa presenza en torneos máis importantes (Open Clase A).

E non son os únicos. A Federación Galega de Triatlón creou a súa selección galega de triatlón no ano 2006, con deportistas da valía de Javier Gómez Noya, Alberto Trillo, Saleta Castro ou Aida Valiño e con ela participaron na Copa de Europa en Lisboa e e Grecia. A Federación Galega de Rugby está competindo dende o 2006 na Copa de Europa das Rexións coa selección galega. Son moitos os esforzos que están a facer as diferentes federacións para crear os seus propios equipos (hóckeyi acaba de crear un equipo sub 15) e todas elas merecen recoñecemento por igual.

As seleccións levan a nosa bandeira e noso nome, defenden os nosos sentimentos e a nosa identidade aí onde van, polo que este proxecto non é só un proxecto da Dirección Xeral para o Deporte, senón de toda a sociedade galega.



Selección masculina de fútbol.



Selección masculina de triatlón.

“A selección galega de triatlón debutou en Lisboa no ano 2006”

A selección galega de fútbol sala, a escena

O equipo, dirixido por Bruno García e Javier Pardeiro, debutará o día 29 de febreiro contra Uruguai en Ferrol

Primeiro foi a selección de fútbol, despois baloncesto, balonmán e agora correspóndelle a quenda ao fútbol sala. A selección galega de fútbol sala debutará o próximo día 29 de febreiro (21:00 horas) no pavillón da Malata de Ferrol contra Uruguai, precisamente o mesmo rival ao que se enfrontou o día 29 de decembro a primeira das seleccións, a de fútbol.

O pasado día 7 de febreiro tivo lugar o acto de presentación do evento, no que participaron a directora xeral para o Deporte, Marta Souto, o presidente da Federación Galega de Fútbol, Carlos Meana; o presidente da Federación Galega de Fútbol Sala, Luis Pena; os seleccionadores Bruno García e Javier Pardeiro, e o concelleiro de Deportes do Concello de Ferrol, Manuel Santiago. Todos eles coincidiron en subliñar a importancia da creación desta selección galega, nun deporte que conta cun número altísimo de licenzas, de clubs, de xogadores de bo nivel e de éxitos nos clubs de elite.

No transcurso da presentación da selección galega de fútbol sala, tamén foron presentados os seleccionadores, Bruno García (Azkar) e Javier Pardeiro (Burela), que nesta ocasión foron elixidos polos propios clubs galegos, feito que foi destacado tanto pola directora xeral coma polos propios adestradores.

Dende as federacións, en colaboración coa Dirección Xeral para o Deporte, estase realizando un programa de promoción do partido entre os clubs de fútbol sala galegos, aos que se lles entregarán invitacións para os/as seus deportistas. Aproveitase o feito de que en Ferrol hai unha gran comunidade de uruguaios para facer deste partido “un momento de festa e concordia entre os dous pobos, porque o deporte une”.

O rival. Uruguai está realizando unha xira de preparación para as competicións que terán lugar nos próximos meses e aproveitando a súa presenza por estas terras e o parón liguero, parecía o momento oportuno para estrear a selección galega de fútbol sala, que non deixa de dar bos momentos ao deporte galego.



Axudas ao deporte galego: Unha nova marca

Importante incremento



A Dirección Xeral para o Deporte acaba de aprobar o seu plan estratéxico de axudas para 2008 no que se establecen as liñas de promoción do deporte en Galicia. Dous son os piares do plan: o reforzo da aposta polo sector do deporte e a diversificación das liñas de axuda, combinando as consolidadas con outras novidasas e específicas.

+ de 17 millóns de euros para o deporte galego

As convocatorias de axudas que están previsto publicar a partir do mes de marzo por parte da Dirección Xeral para o Deporte (DXD) e da Fundación Deporte Galego (FDG), teñen unha dotación de 17,4 millóns de euros, o que supón un incremento do 18,4% dos recursos achegados en relación ao 2007.

Na distribución do orzamento previsto, a actividade deportiva das entidades deportivas (clubs, federacións e concellos) absorberán 11,7 millóns de euros. As axudas e premios directos a deportistas galegos suman un millón de euros. Os investimentos en obras e equipamentos deportivos realizados por entidades deportivas aplicados en 2008 ascenden a 4.7 millóns de euros.

PLAN ESTRATÉXICO DAS AXUDAS AO DEPORTE GALEGO 2008

LIÑAS DE AXUDAS	CONVOCA	DESTINATARIOS	CRÉDITO
Actividades entidades deportivas	DXD	· Clubs e entidades deportivas · Agrupacións deportivas escolares	3.500.000 €
Programas federacións galegas	DXD	· Federacións deportivas galegas	5.075.000 €
Obras e equipamentos deportivos	DXD	· Concellos · Entidades deportivas	4.720.000 €
Premios Beijing 2008	DXD	· Deportistas galegos/as clasificados ou con opcións para a clasificación	300.000 €
Clubs femininos	DXD	· Clubs femininos con deportistas nadas nos anos 91 e 92	150.000 €
Seleccións galegas	DXD	· Federacións deportivas galegas	200.000 €
Actividades concellos	DXD	· Concellos de menos de 10.000 hab. · Concellos de máis de 10.000 hab.	525.000 €
Eventos deportivos e participación deportistas	FDG	· Entidades deportivas · Deportistas galegos/as	1.500.000 €
Bolsas DGAN	FDG	· Deportistas galegos/as de alto nivel	300.000 €
Convenios de colaboración	FDG	· Federacións deportivas galegas · Entidades deportivas	1.180.000 €
Presenza nas ligas da máis alta competición estatal	FDG	· Entidades galegas na máxima categoría da súa modalidade deportiva	300.000 €

Liñas de axuda consolidadas

As axudas para promover a actividade deportiva pivotan dende 2006 sobre catro instrumentos:

- Axudas a clubs (DXD): apoian a participación dos equipos en competicións oficiais, tanto galegas como estatais. No ano 2007 un total de 1.158 clubs beneficiáronse da convocatoria.
- Axudas para a organización de eventos deportivos (FDG): apoian a organización de eventos espallados ao longo de todo o país de diversa dimensión e complexidade organizativa. En 2007 recibiron apoio 496 entidades.
- Convenios de colaboración coas 57 federacións deportivas galegas (DXD), para a dinamización das actividades deportivas das súas respectivas modalidades, así como para a tecnificación dos seus cadros técnicos.
- Patrocinios deportivos (FDG) a eventos deportivos organizados por entidades públicas e privadas.

O apoio aos e ás deportistas os xestiona a Fundación Deporte Galego e reside nas axudas aos DGAN (Deportistas Galegos de Alto Nivel) e dende 2006 aos deportistas con requerimentos específicos. En 2007 recibiron axudas un total de 224 deportistas.

O apoio á construción e mellora de instalacións deportivas e a adquisición de equipamento deportivo realízase en virtude dunha liña de axudas de carácter plurianual convocada pola Dirección Xeral para o Deporte. En 2007 foron beneficiados destas axudas un total 92 concellos e 185 entidades deportivas.

Novas liñas de axuda

Ás convocatorias tradicionais, en 2008 engádense catro novas actuacións:

- Premios Beijing 2008 (DXD) dirixidos aos e ás deportistas con opcións a estar presentes en Beijing e aos que xa teñen lograda unha praza. O premio máximo ascende a 15.000 euros.
- Axudas aos clubs femininos con deportistas nadas nos anos 1991 e 1992 (DXD), co obxectivo de reforzar as competicións deportivas nun tramo de idades no que se ten detectado unha forte caída na participación.
- Axudas ás seleccións galegas absolutas (DXD) para a participación en competicións deportivas internacionais e estatais ou a organización destas en Galicia.
- Axudas a promoción da práctica deportiva en concellos (DXD), segmentada para concellos de menos de 10.000 habitantes como para os que o superan.

Curso “Xestión de axudas públicas ao deporte galego”

Dirixido a directivos/as e técnicos de federacións deportivas galegas ou asociacións deportivas que teñan responsabilidades na xestión de subvencións.

Contidos:

- A nova Lei de subvencións de Galicia.
- Axudas do deporte galego 2008.
- Técnica de xestión de axudas do deporte galego: recomendacións prácticas.

LUGARES

LUGARES	DATAS
Santiago de Compostela (Estadio Multiusos San Lázaro, porta 4)	27 febreiro
A Coruña (Servizo de Deportes, Complexo de Elviña)	28 febreiro
Vigo (Casa do Deporte, r/ Luis Ksado 17)	29 febreiro
Ferrol (Fimo, Recinto Feiral Punta Arnela, s/n, Pavillón 4A)	5 marzo
Pontevedra (Centro G. Tecnificación Deportiva, Padre Fernando Olmedo, 3)	6 marzo
Lugo (Edificio Multiusos, Ronda da Muralla, 70 - 1º)	13 marzo
Ourense (Auditorio Municipal, Rúa da Canle nº 2)	14 marzo

Horario: 19:30 -21:30. Asistencia libre ata encher o aforo
Información: Tel.: 981 552 770 www.deportegalego.eu





Un momento da presentación da proba da Copa de Europa.

Copa de Europa de Triatlón en Pontevedra

Os mellores deportistas

“A proba celebrárase o próximo día 19 de abril”



Un ano despois de albergar con gran éxito o Campionato de Europa de Piragüismo en Augas Tranquilas, a cidade de Pontevedra volverá a ser o epicentro do deporte internacional coa organización da primeira proba da Copa de Europa de Triatlón, que se disputará o sábado 19 de abril e que será, ademais, puntuábel para a clasificación do Campionato de Europa, previsto para a primeira fin de semana de maio en Lisboa.

Por primeira vez na historia do noso país, os galegos e galegas teremos a oportunidade de presenciar en directo os mellores deportistas desta especialidade olímpica, como Javier Gómez Noya, actual número do ránking mundial.

Os xuíces da ETU (Unión Europea de Triatlón), logo de percorrer e inspeccionar os circuitos, decidiron que a proba tivese lugar o próximo día 19 de abril, para que deste xeito as probas coincidiran coa marea alta.

A proba de natación, que consta de 1.500 metros, realizarase en augas do río Lérez, o circuito da carreira será eminentemente urbano para que os cidadáns e cidadás poidan visualizar a proba, así como para dar a coñecer a zona monumental de Pontevedra e o final da proba terá lugar no *Centro Galego de Tecnificación Deportiva* (CGTD) “como un recoñecemento ao traballo dos e das deportistas que veñen adestrando nestas instalacións”, como confesou a Directora Xeral para o Deporte, Marta Souto, durante o acto de presentación do campionato.

A Copa de Europa é unha das citas máis importante do triatlón, xa que engloba doce citas en dez países diferentes e o seu calendario prolóngase dende abril ata outubro. Neste senso, ademais de Galicia, tamén acollerán unha proba países como a República Checa, Serbia, Alemaña, Holanda, Polonia, Turquía, Luxemburgo, Croacia e Austria.

Coa organización desta proba da Copa de Europa, Galicia amosa, unha vez máis, o seu compromiso co triatlón, xa que ademais desta importante cita internacional, o noso país tamén albergará o Campionato de España Elite Sub23 en Ferrol; o Campionato de España Duatlón Grupo Idade, Duatlón Elite e Sub23 en Monforte de Lemos; o Campionato de España de Cross en Castroverde (Lugo) e unha proba clasificatoria para o Campionato de España en Vigo.

Entrevistas

Francisco Villanueva *(presidente da federación galega)*

En novembro do ano 2006 Francisco Villanueva volveu a asumir a presidencia da Federación Galega de Triatlón (FEGATRI), coincidindo coa etapa máis gloriosa do triatlón galego.

- Que supón para a FEGATRI albergar unha proba da Copa de Europa?

Pois, sinceramente, un salto de calidade moi importante, pois ata agora Galicia tan só acollera campionatos de España absolutos e probas do noso país, pero nunca tiveramos a oportunidade de organizar unha proba internacional. Na federación galega somos conscientes de que albergar este tipo de probas non é nada doado, polo que estamos moi agradecidos á Dirección Xeral para o Deporte e o Concello de Pontevedra por concedernos a oportunidade de organizar esta proba da Copa de Europa, agardando que o éxito desta nos permita acoller máis probas desta importancia.

- Vive actualmente o triatlón galego o mellor momento da súa historia?

Posibelmente. O triatlón galego agora mesmo goza dunha saúde moi boa. Estamos vivindo un gran momento como amosan os resultados, pois ademais de Javi (Gómez Noya) que é único, temos a outros triatletas como Iván Raña, Oscar Vicente e Adrián Vázquez que tamén están acadando bos resultados. En mulleres, pola súa parte, Pilar Hidalgo e Saleta Castro seguen amosando a súa calidade cada vez que compiten, pero este ano tamén temos moitas esperanzas depositadas en Aida Valiño, pois confiamos en que poida dar o salto definitivo para situarse entre as mellores triatletas mundiais.



Francisco Villanueva.

“Estamos vivindo un gran momento como amosan os resultados”

Javier Gómez Noya *(campión da Copa do Mundo)*

Unha das atraccións desta Copa de Europa vai ser a presenza do galego Javier Gómez Noya, actual número 1 do ranking olímpico. O triatleta ferrolán confirmou a súa presenza no campionato, e ademais asegura que competir na súa casa é una “motivación extra”.

- Por primeira vez na historia o noso país vai acoller unha proba internacional. Como o valora?

Cunha ledicia moi grande, xa que ata agora nunca se disputara unha proba internacional no noso país. Como galego é moi motivante poder competir na miña casa pois é un punto de motivación extra para intentar conseguir a vitoria, independentemente dos puntos que están en xogo.

- Nos últimos anos os éxitos non paran de chegar para o triatlón galego. Estamos ante os mellores resultados da súa historia?

Creo que si. O triatlón galego nos últimos anos viviu un salto de calidade moi grande, e niso moito tivo que ver a bondade das institucións públicas, que estannos a apoiar moito. A organización desta proba da Copa de Europa vainos permitir situar a Galicia no mapa do triatlón europeo, e estou seguro de que non vai ser a última proba internacional que acolla o noso país. Albergar unha Copa do Mundo xa sería o máximo.



Javier Gómez Noya.

Historia do triatlón galego

A data de legalización da federación en Galicia é o 10 de abril do 89. Antes xa existían deportistas que por libre competían en probas de ámbito estatal, onde había un circuito. Por aquel entón este deporte era máis unha aventura que algo reglado e os deportistas, na maior parte dos casos, eran rebotados doutras disciplinas. Malia isto, hai que sinalar que dende sempre Galicia tivo grandes deportistas no panorama estatal e un exemplo é o nome do actual seleccionador galego, Luis Piña Refojos. O vigués foi o primeiro galego internacional e de non ser polos estudos, seguramente estaríamos falando dun portento.

Galicia ten probas moi importantes e de gran tradición: o triatlón do Miño (entre Lugo e Rábade) que este ano disputará a súa XX edición, de forma ininterrompida; foi xa final do Campionato de España no ano 91 por detrás de Barcelona e Madrid. Outras probas senlleiras son o triatlón de Vigo e os de Allariz e Oleiros, que van xa na XVIII edición.

O primeiro presidente oficial do triatlón galego foi Javier Alvarez Salgado (atleta olímpico e de gran renome internacional), aínda que previamente houbo unha xestora presidida polo vigués Vilavedra; despois viñeron Luis Coira Nieto, Francisco Villanueva González, Sonia Cantalapiedra Álvarez, Xosé Ramón Meilán Devesa e na actualidade volve a ser presidente dende hai un ano Francisco Villanueva.

A sede federativa primeiro estivo en Vigo e nos últimos 15 anos está en Lugo. O triatlón galego evolucionou moito dende que entrou no deporte escolar e acto seguido forma parte das modalidades do *Centro Galego de Tecnificación Deportiva* da Xunta de Galicia, sito en Pontevedra.

No triatlón ademais dos consagrados, Javier Gómez Noya, Iván Raña, David Castro ou Pilar Hidalgo existen outros deportistas de gran nivel e proxección como son: Antón Ruanova, Alberte Trillo, Adrián Vázquez, Alfredo Freire, Jesús Gomar, Borja Conde i en féminas Aida Valiño, Saleta Castro, Alba Cuba, Sara Velo... e por detrás veñen deportistas junior e cadetes de primeiro nivel e xa atesouran títulos de campións de España.

Falando xa de clubs, o Cidade de Lugo-Fluvial destaca por ser catro anos consecutivos campión do ranking de clubes do Estado español. Outros clubs veñen empuxando con moito nivel en todas as categorías como o Bricosa de Compostela ou o Fogar Triatlón de Carballo.



Vista parcial das instalacións do centro.

Centro Galego de Tecnificación Deportiva

Formación integral

“Os programas van dirixidos á formación deportiva e persoal dos deportistas”



Peirao do CGTD.

O Centro Galego de Tecnificación Deportiva é un dos orgullos da Consellería de Cultura e Deporte. Os resultados dos últimos cursos, as melloras introducidas tanto nos programas de tecnificación, como na mellora das instalacións, estanse vendo reflectidas nos resultados, tanto educativos coma deportivos dos e das deportistas que alí adestran, viven e estudan.

Que é o CGTD? Esta é o primeiro interrogante que hai que contestar: O CGTD é un centro de formación deportiva, de titularidade pública, vinculado á Dirección Xeral para o Deporte, e que se encarga das competencias vinculadas ao fomento e promoción da cultura física e do deporte en Galicia. O CGTD, que foi clasificado como tal no ano 2002 polo CSD, ten como obxectivo básico facilitar a formación integral de xoves deportistas galegos e galegas con elevado potencial para a práctica do deporte de alto nivel, poñendo á súa disposición os medios necesarios para que poidan desenvolver a súa preparación conforme a criterios científicos e facilitando ao mesmo tempo a súa integración no sistema educativo e no seu contorno social.

Para acadalo, o Centro Galego de Tecnificación Deportiva desenvolve nas súas instalacións, coa colaboración das federacións deportivas galegas, os programas de tecnificación deportiva durante o curso escolar, os cales van dirixidos fundamentalmente á **formación deportiva e persoal** de deportistas con idades comprendidas entre 14 e 18 anos.

Ao mesmo tempo, e grazas aos acordos de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, os deportistas con praza nos programas de tecnificación deportiva poden

cursar nas instalacións do centro e cun horario adaptado ás súas necesidades de adestramento o 2º ciclo de ESO e 1º e 2º de bacharelato, nas modalidades de ciencias naturais e ciencias sociais.

Ademais, o Centro Galego de Tecnificación Deportiva tamén ten entre os seus obxectivos apoiar o adestramento de **deportistas de alto nivel**, facilitando a utilización das instalacións deportivas do centro de xeito compatible cos programas de tecnificación deportiva que se desenvolven nas súas instalacións.

Modalidades deportivas. Na actualidade son nove as modalidades deportivas, cuxas federacións desenvolven programas de tecnificación no centro: atletismo, judo, loita, natación, piragüismo, remo, taekwondo, tenis e triatlón, e este ano iniciouse un novo programa para deportistas con discapacidade, que para a Dirección Xeral para o Deporte ten un especial interese.

Programa	Residentes	Externos A	Externos B1	Externos B2	Externos C	Total
ATLETISMO	1	1	1	3	3	9
NATACIÓN	11	1	2	0	0	14
JUDO	6	0	0	0	1	7
LOITA	9	1	1	0	0	11
PIRAGÜISMO	17	0	3	2	3	25
REMO	11	0	0	3	0	14
TAEKWONDO	10	3	2	3	6	24
TENIS	6	3	0	1	0	10
TRIATLÓN	10	2	2	1	1	16
DISCAPACIDADE	2	0	0	0	0	2
	83	11	11	13	14	132



Ximnasio do CGTD.

“Na actualidade son 9 as modalidades deportivas cuxas federacións desenvolven programas de tecnificación no centro”

Instalacións. O CGTD é un complexo deportivo, en torno a un anel de atletismo, xa que o resto das instalacións se foron realizando arredor das pistas: piscina, ximnasio, polideportivo, centro escolar, residencia, edificio multiusos, ademais de hangares para embarcacións, aparcadoiro, etc.

Magníficos resultados do curso 2006/07. O curso pasado 06-07, o Centro Galego de Tecnificación Deportiva atendeu a máis de 200 deportistas, dos cales arredor do 82% foron deportistas de tecnificación deportiva e o resto, o 18%, deportistas con recoñecemento de alto nivel (galegos e/ou estatais).

Os resultados deportivos obtidos polos deportistas dos programas de tecnificación deportiva o curso 06-07 foron valorados polos responsábeis de tecnificación deportiva da maioría das federacións deportivas galegas con programa de tecnificación deportiva no CGTD como excelentes.

En relación aos resultados escolares, cómpre indicar que o 100% dos deportistas que cursaron ESO acadaron o seu obxectivo de promoción e titulación na etapa e un 80% dos deportistas de bacharelato acadaron o título en bacharelato.



Unha vista nocturna do centro.



Corredores adestrando na pista de atletismo.

FEGABA

Nova imaxe



A Federación Galega de Baloncesto renóvase por dentro e por fóra. No vinte e cinco aniversario do seu nacemento, que celebra neste ano 2008, a federación vive un proceso de revisión identitaria e modernización, guiada polos seus principais valores: gozar coa práctica do deporte, vivir a nosa identidade e cultura e fomentar a amizade e o traballo en equipo.

Na procura da transmisión das súas actuacións e actividades, a Federación Galega de Baloncesto concebiu un novo e moderno portal de comunicación (www.fegaba.com). Esta nova ferramenta permite a visualización da Federación Galega de Baloncesto, dando a coñecer a súa misión, a súa composición e os seus cometidos principais.

Asemade, constitúese como unha axeitada plataforma para a difusión das súas actividades de dinamización da práctica do baloncesto e dos seus valores asociados na sociedade galega.

A web da Federación Galega de Baloncesto, www.fegaba.com, permite a comunicación de noticias, eventos de carácter deportivo e accións de formación entre outros. Ademais, actúa como referente para a importante información documental referida aos clubs e á práctica do baloncesto en Galicia.

O obxectivo é que a web avance continuamente de cara a ofertar, cada vez máis, un mellor servizo. Os futuros desenvolvementos previstos para o portal contemplan a posibilidade de realizar xestións en liña e servir de soporte de intermediación e infomediación funcionando como unha pasarela cara a outras webs institucionais ou privadas que sexan de referencia no sector pola calidade certificada dos seus contidos.

UFEDEGA

Unión de federacións

O ano 2007 foi o ano do nacemento da Unión de Federacións Deportivas Galegas (UFEDEGA) despois de dúas asembleas e moito papeleo, o pasado mes de decembro a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza deu o visto bo á esta unión.

É un desexo da inmensa maioría das federacións galegas estar unidas para defender mellor ao deporte galego e facer máis fácil o desenvolvemento interno de cada unha.

A UFEDEGA ten por agora unha xestora que a forman: Paco Villanueva (presidente), David Alfalla (vicepresidente), Isidoro Hornillos (secretario) Tito Valledor (tesoureiro) Merce Barrientos (vogal) e José Alborés (vogal).

En pouco tempo convocarase unha nova asemblea para comezar un traballo específica, elixir a nova xunta directiva; en definitiva, unha vez leGaliciados poñerse a andar. Son moitos os temas en común dos que se poden beneficiar as federacións, como: seguros deportivos, equipamentos deportivos, cursos de formación, etc...

As federacións que a data de hoxe forman parte da UFEDEGA, son: atletismo, piragüismo, surf, taekwondo, tenis de mesa, triatlón e péntatlon moderno, baloncesto, balonmán, xadrez, halterofilia, badminton, esgrima, caza, petanca, vela, billar, bolos, karate, natación, loita, rugby, tiro olímpico, pesca, tiro con arco, judo, pelota, esquí náutico, chave, boxeo, remo, aeronáutica e voleibol.

A Unión segue aberta e seguro que serán máis as federacións deportivas galegas que conformen a UFEDEGA.

“É un desexo da inmensa maioría das federacións galegas estar unidas”



Presentación de UFEDEGA.

Iniciados os convenios

Para axilizar os trámites

A Dirección Xeral para o Deporte xa está tramitando os convenios de colaboración con dez federacións deportivas, nese compromiso da directora xeral para o Deporte, Marta Souto, de intentar axilizar ao máximo os prazos de execución das accións.

Na primeira reunión da directora xeral cos representantes das federacións, estes manifestaron a necesidade de axilizar ao máximo a materialización dos acordos entrambas partes. A directora xeral comprometeuse nese momento a poñerse en contacto coas federacións antes de finais do pasado ano 2007 e no mes de novembro envioulles unha carta aos e ás presidentes/as na que se lles manifestaba a intención de comezar a tramitación a comezos do 2008 e para iso pedíasilles que enviasen os seus proxectos para o presente ano. Foron dez as entidades que o fixeron e con elas comezou a tramitación. A seguir, outras doce continuaron este mesmo camiño. En total vintedúas federacións están para asinar o convenio do 2008.

Os días 24 e 25 de xaneiro, representantes da Dirección Xeral reuníronse con dirixentes das federacións de taekwondo, patinaxe, judo, squash, tiro con arco, triatlón, columbicultura, kung-fu, vela e tenis. Desta forma, xa está iniciado o proceso de elaboración dos convenios de colaboración e o obxectivo é comezar a asinalos no mes de febreiro e adiantar ao máximo os prazos de execución das accións, tal e como solicitaban as federacións.

Nestes convenios de colaboración hai actuacións ordinarias -como as competicións deportivas oficiais, a tecnificación deportiva, as seleccións galegas ou o apoio á estrutura da federación- e actuacións específicas, promovidas pola Dirección Xeral para o Deporte e as federacións, como a promoción do deporte feminino, integración no deporte, deporte en galego e certos proxectos deportivos.

O obxectivo da Dirección Xeral para o Deporte é continuar con estas reunións con outras federacións que vaian presentado o seu proxecto de actuación cara ao ano 2008, durante o mes de febreiro. Ademais, hai dez federacións que tiñan asinado un convenio bianual, polo que ata mediados do presente ano, non haberá que iniciar as negociacións para renovo.



Sinatura dos convenios do ano 2007.



78.000 nenos e nenas facendo deporte.
E impórtannos todos e cada un.

O balonmán galego triunfa no Campionato de España das categorías infantil e cadete

Un punto de encontro



Selección cadete feminina de balonmán.



Selección cadete masculina de balonmán.

Un ano máis o IFEVI volveu ser o punto de encontro para os afeccionados ao deporte. Case dous mil deportistas participaron dos días 2 ao 8 de xaneiro no Campionato de España de Balonmán nas categorías infantil e cadete, que por segundo ano consecutivo ten lugar en Galicia.





O sistema de competición posto en marcha hai xa tres anos por parte da Dirección Xeral para o Deporte, de concentrar todas as pistas nun mesmo lugar non deixa de sorprendere e agradar aos responsables das diferentes delegacións, así coma ao Consello Superior de Deportes. E un ano máis, a organización intentou dar un novo paso, nesta ocasión coa realización dunhas xornadas de formación para adestradores e adestradoras na que participaron máis de cen persoas.

Ademais, o ambiente estivo garantido durante toda a semana de competición, grazas á presenza do restos dos equipos nos partidos dos seus compañeiros e das súas familias, que aproveitaron as datas festivas para estar xunto aos seus fillos e fillas nesta xa case tradicional cita do Nadal.

Ademais, as boas noticias para o deporte galego foron constantes. Os catro equipos galegos participantes lograron clasificarse para as semifinais e tres deles para a final, aínda que na última xornada non houbo moita sorte para os nosos participantes e tiveron que conformarse con tres pratas e un cuarto posto, que cumpría os sonhos dos representantes da Federación Galega de Balonmán, que ve como o balonmán galego segue creando grandes xogadores e xogadoras.

Así, as caras de ledicia, tanto no rostro do presidente da Federación Galega de Balonmán, José Luis Pérez Ouro, como no da directora xeral para o Deporte, Marta Souto, daban boa mostra do orgullo que sentiron ao ver os seus deportistas loitando polas medallas na xornada final.

“As seleccións galegas chegaron a 3 de 4 finais”



O Karpin Galicia do ano 2008.

O Karpin Galicia busca a consolidación

Un paso máis

Ilusión, orgullo, gañas, xuventude, ambición.... O novo proxecto do *Karpin Galicia* conta con todos estes ingredientes e un obxectivo claro: acadar a consolidación dun equipo moi novo, con só un ano de vida, que non quere conformarse cunha primeira tempada de resultados notábeis. Agora hai que dar un paso máis, que é lograr consolidarse como un equipo firme, seguro, un deses bloques que teñen que estar no pelotón, que son necesarios para as carreiras, tal e como o foi o *Karpin Galicia* no transcurso da Vuelta'07.

O 2008 comeza con bastante novidades no equipo, de entrada houbo sete baixas e o grupo perdeu veteranía para gañar coa ilusión da xente nova, dos corredores galegos que van a defender as cores do primeiro equipo galego profesional de ciclismo. As caras novas son as de Jesús Cobelo Fojo, Delio Fernández Cruz, Alberto Fernández, Alejandro Paleo, Iban Mayoz e Vladimir Isaychev.

O pasado día 24 de xaneiro o *Karpin Galicia* fixo a súa presentación en sociedade, nesta ocasión na súa segunda tempada, no Salón Real do Hostal dos Reis Católicos en Santiago de Compostela, e unha vez máis contando con Óscar Pereiro coma un padriño de honra que acompaña sempre que pode ao equipo galego, nese compromiso co deporte galego. Non faltaron a conselleira de Cultura e Deporte, Ánxela Bugallo; a directora xeral para o Deporte, Marta Souto; o presidente do equipo, Valery Karpin; Ignacio Louzao (Galicia Calidade), Guillermo Brea (Caixanova); Santiago Domínguez Oliveira (Turismo de Vigo) e Carlos Domínguez (Cardomar), representando a todos os patrocinadores, sen os que o proxecto non sería posíbel neste momento. Tamén acudiu ao acto unha nutrida representación do ciclismo galego, co presidente da Federación Galega de Ciclismo, Sabino Cortizo, á cabeza e varios dirixentes de clubs de base, cos que a Fundación Ciclismo Galego ten un contacto intenso.

O acto, sinxelo e á vez emotivo, fixo un repaso pola tempada anterior, polos logros acadados nese ano de estrea, houbo un recordo moi especial para Marcos Serrano, que este ano non militará no *Karpin Galicia*. A conselleira de Cultura e Deporte agradeceu a todos, directores deportivos, ciclistas, afección galega, os éxitos do primeiro ano, as emocións da Volta Ciclista a España no seu paso por Galicia, sen esquecer a Óscar Pereiro, que no pasado 2007 cobrou unha débeda que o ciclismo tiña con el, ao recibir, por fin, o maillot e o premio de gañador do Tour de Francia 2006. Ánxela Bugallo pediu un ano 2008 cheo de éxitos, alegrías, ilusións, emocións e bos momentos para vivilos todos xuntos. Os maiores aplausos foron para o gran protagonista deste primeiro ano de vida do *Karpin Galicia*, Ezequiel Mosquera, quen gañou na estrada o respecto non só dos seus compañeiros, senón de todo o pelotón e da afección.

Comezo da tempada. O acto de presentación do equipo foi o sinal de partida para a tempada 2008, que comezou a vez en dous sitios ben diferentes: Malasia e Mallorca, onde o *Karpin Galicia* xa luciu o seu maillot con profesionalidade e orgullo.



Karpin, durante a súa intervención.

CORREDORES: Ezequiel Mosquera, David García, Gustavo Domínguez, David Herrero, Carlos Castaño, Gustavo César Veloso, Ramón Troncoso, Serafín Martínez, Juan Mourón, David Abal, Gonzalo Rabuñal, Eduard Vorganov, Iban Mayoz, Alejandro Paleo, Jesús Cobelo, Delio Fernández, Alberto Fernández e Vladimir Isaychev.

A selección feminina debutou o 27 de decembro en Vigo contra Catalunya



Máis de 24.000
persoas ateigaron o
estadio de Balaídos



A selección galega de
triatlón debutou no
2006 na Copa de
Europa en Lisboa



**FUNDACIÓN
DEPORTE GALEGO**
Crecendo dende a base



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE
Dirección Xeral para o Deporte